

# SOND3



**"A nosa filosofía de traballo baséase na creatividade, a investigación e un servizo personalizado"**

*Natalia Crecente García/Segundo Fernández González/Diego Vilariño Penedo*

## Datos básicos

|                               |   |
|-------------------------------|---|
| <b>Actividade:</b>            | Empresa de deseño e desenvolvemento multimedia            |
| <b>Sector de actividade</b>   | Servizos relacionados coa imaxe, a comunicación e o son   |
| <b>Nº empregados</b>          | 3   |
| <b>Inversión inicial</b>      | 18.000 €  |
| <b>Financiamento inicial:</b> | O investimento inicial foi financiado con fondos propios. |
| <b>Web:</b>                   | <a href="http://www.sond3.com">www.sond3.com</a>          |
| <b>Municipio:</b>             | Lugo, Lugo  |
| <b>Ano creación:</b>          | 2006  |

## Descrición do proxecto

A nosa filosofía de traballo baséase na creatividade en busca de exclusividade, a investigación, como a mellor opción para satisfacer as necesidades de cada proxecto e un servizo personalizado, porque cada cliente é único.

É bastante habitual ter que recorrer a diferentes empresas para realizar unha campaña que englobe tanto deseño gráfico como web ou multimedia. Nós ofrecemos a fusión destes sectores diferenciados no mercado actual.

Os servizos que ofrece sond3 en cada sector son os que a seguir detallamos:

- Deseño Gráfico: produción e deseño editorial, creación e xestión de identidades corporativas, identidade visual, comunicación publicitaria, deseño de postos para exhibicións, identidade de produto e packaging, ilustración, edición e tratamento de imaxes, deseño tipográfico,...

- Deseño e desenvolvemento multimedia: vídeo dixital, CD's interactivos, infografía, software educativo,...

- Deseño e desenvolvemento Web: deseño web, desenvolvemento de aplicacións para internet e intranet, bases de datos, soporte e mantemento web, promoción web, rexistro de dominios, solucións de comercio electrónico, servizos B2B (business to business), desenvolvemento de aplicacións a medida, web tracking (análise do tráfico de visitas ao sitio web), aplicacións para móbiles,...

Ademais, o noso servizo creativo inclúe a identificación do obxectivo, a interpretación dunhas especificacións dadas, a investigación preliminar, o desenvolvemento de ideas, a realización final do proxecto e a súa financiación.



## Descripción do proxecto

Todo iso sendo conscientes de cales son as tendencias actuais e os estilos renovados, ademais de estar atentos á aparición de métodos e ideas novas. Como anteriormente apuntamos, existen no mercado carencias no que fai á calidade do deseño en servizos de desenvolvemento informático e viceversa, xa que son poucos os estudos de deseño que ofrecen servizos de desenvolvemento informático. Por este motivo, o obxectivo principal da nosa empresa é ofrecer un servizo integral de comunicación.

## Datos empresa

### Claves do éxito

Sobre todo cando a empresa é nova e os promotores mozos, hai que demostrar con moita máis intensidade que se pode confiar na túa empresa, que es serio e rigoroso. Xa que logo cremos que a profesionalidade e o bo facer son as claves máis importantes.

Unha vez que nos contratan un traballo, dannos moita liberdade para aplicar os nosos criterios, pero valórase moitísimo o respecto dos prazos de entrega, a seriedade e a organización.

A nosa innovación é a fusión entre o deseño e a parte de desenvolvemento da web.

De feito, hai moitos estudos de deseño que nos contratan o desenvolvemento da web. E ao contrario, moitas empresas de desenvolvemento web que nos encargan a parte do deseño.

En realidade, non existían empresas que integrasen ambos aspectos.



## Datos empresa

### Situación actual

Na actualidade, estamos preparando unha campaña comercial da nosa propia empresa para redireccionala. Queremos orientarnos aos clientes que máis nos interesan e desenvolver proxectos de maior envergadura, tanto por razóns de rendibilidade económica como de motivación persoal e de prestixio para a propia imaxe de SOND3. Temos ademais en proxecto unha campaña de divulgación para autopromoción e difusión do deseño gráfico galego. Desenvolveremos aplicacións propias para mellorar o coñecemento do noso sector entre as microempresas e as PEMES, sobre todo. Existe un gran descoñecemento deste mercado. Un exemplo moi ilustrativo é a frecuencia coa que as imprentas reciben encargos para facer proxectos de comunicación que deberían facer empresas especializadas como a nosa.

### Perfil cliente

Aínda que nun principio pensamos que o noso perfil de cliente maioritario serían PEMES, a experiencia estános demostrando que son máis ben medianas e grandes empresas e institucións públicas e privadas. E en certo modo é lóxico xa que para a maioría das PEMES, un desenvolvemento deste tipo convértese nun produto moi caro e normalmente non se considera imprescindible. No que fai a sectores, predominan as institucións e o sector servizos.

## Idea inicial

Identificamos unha oportunidade no mercado, a de ofrecer un servizo integral de comunicación para a empresa, integrando varios sectores que no mercado actual están moi diferenciados: o deseño gráfico, o desenvolvemento multimedia e o desenvolvemento web reintegrados nunha estratexia conxunta de comunicación.

## Principales dificultades y amenazas futuras

Unha das maiores dificultades é vender un intanxible e transmitir ao cliente o valor do que lle estás ofrecendo. No que fai ás ameazas, poderíamos pensar no risco de copia. É habitual neste mercado entregar un boceto e que finalmente se encargue a outra empresa ese deseño que xa está desenvolvido. En todo caso, cremos que as oportunidades superan con creces ás ameazas.



## Perfil promotores

Natalia Crecente García (1976) é licenciada en Belas Artes, especializándose en deseño e produción audiovisual. Entusiasmada pola tipografía decide realizar o Doutoramento sobre o mesmo tema na Universidade de Barcelona.

Inicia a súa experiencia profesional no prestixioso estudo do grupo REVISIÓN (A Coruña), dirixido por Pepe Barro, Xosé Salgado e Lía Santana. O seu seguinte paso foi a Aula de Produtos Lácteos, pertencente á Universidade de Santiago de Compostela.

Esta experiencia profesional aportoulle altos coñecementos en deseño gráfico, web e multimedia.

Diego Vilariño Penelo (1979) é diplomado en Relacións Laborais, Técnico Superior en Administración de Sistemas Informáticos e Experto en Infraestrutura de Redes de Internet (CCNA).

Profesionalmente está centrado tanto no desenvolvemento de aplicacións on-line e multimedia como na administración de redes e servidores empresariais. O seu traballo en empresas tan importantes como a empresa de transportes MONBUS, aportoulle altos coñecementos tanto en programación como en xestión informática.

Segundo Fernández González (1974) Diseñador Gráfico e Multimedia, especialízase en administración de cor, retoque dixital, infografía e deseño web.

Despois do seu paso pola Aula de Produtos Lácteos deseñando portais para internet, a súa actividade laboral céntrase na comunicación integral e o deseño no recoñecido estudo lucense TATATA. A maiores, desenvolveu proxectos para a XUNTA DE GALICIA e a USC (Universidade de Santiago de Compostela) entre outros.

## Aptitudes necesarias

Seguridade, confianza, constancia, decisión, iniciativa, paciencia.

**Gabinetes de comunicación** ([www.guias.bicgalicia.es](http://www.guias.bicgalicia.es))

## Motivacións

**Dedicarme ao que me gusta**  
**O reto que supón**



## Formación

### **¿Recibiu información específica sobre a creación de empresas?**

Moitísimos cursos: os Seminarios de BIC Galicia de Xeración e Maduración de Ideas e de Planificación Empresarial, un curso de Creación de Empresas da EOI, cursos de marketing e finanzas, etc. Fixemos todos os cursos posibles porque non tiñamos formación específica en materia empresarial.

### **¿Considera importante recibir formación específica sobre creación de empresas para desenvolver con éxito un proxecto empresarial?**

Si.

## Anecdótico

Creo que nos axudou moito estar no viveiro de empresas da Fundación CEL. Apoiáronnos moitísimo e ademais disfrutamos de servizos gratuítos coma auga, luz, servizos técnicos e asesoramento.

Recibimos un premio da Fundación CEL ao proxecto universitario. O premio incluíu unha dotación económica e un ano de aluguer gratuíto no viveiro. Pero a parte da dotación económica, para nós foi moi importante o apoio "emocional", xa que este recoñecemento nos fixo saber que confiaban en nós.